

Número 16 - Ano 2021.

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

30 de decembro de 2021

Ás horas dez horas e tres minutos do día trinta de decembro de dous mil vinte e un; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense por medios telemáticos os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e catro concelleiros de feito e vinte e cinco de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA nin DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, que xustifican a súa ausencia. Incorpórase á sesión cando son as dez horas e seis minutos e se está no estudo do asunto 2 da orde do día DON ÓSCAR POY FRANCO.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac730501547679147497.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-12-2021

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 27 de decembro de 2021 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

A) PARTE RESOLUTIVA

URBANISMO

1. ESTUDO DE DETALLE DE AGREGACIÓN DAS PARCELAS 13-14 DO QUINTEIRO 1206 (PRAZA MAIOR Nº 4 E 5) DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REFORMA INTERIOR DO RECINTO AMURALLADO DE LUGO E A SÚA ZONA DE INFLUENCIA (PEPRI). ADAPTACIÓN ÁS NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA APROBADAS POLA ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DE DATA DO 10 DE OUTUBRO DE 2019 (DOG Nº 224, DO 25 DE NOVEMBRO DE 2019): SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS.

PROPOSICIÓNS

2. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 407/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA URXIR AO GOBERNO LOCAL A PRESENTAR UN ESTUDO DE CUSTES COMPLETO DA CONVERSIÓN DA ANTIGA U.A. CS-5 EN ZONA VERDE (Exp. 2021/G004/001055).

3. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 408/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DA MOBILIDADE E O ESTACIONAMENTO NO BARRIO DE FONTIÑAS (Exp. 2021/G004/001060).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

PERSOAL

4. DACIÓN CONTA AO PLENO DECRETOS DA ALCALDÍA DE LEVANTAMENTO REPARO SERVIZOS EXTRAORDINARIOS XULLO A OUTUBRO 2021

ACTAS E GOBERNO

5. DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (Exp. 2021/G004/001056).

6. COMPARECENCIA EN PLENO DO CONCELLEIRO DELEGADO DE XUVENTUDE E DEPORTES, EN CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO NÚMERO 11/151, ADOPTADO NA SESIÓN CELEBRADA O 25 DE NOVEMBRO DE 2021, PARA EXPLICAR AS XESTIÓNS REALIZADAS RESPECTO Á HOMOLOGACIÓN DO PAVILLÓN DE O PALOMAR.

C) DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

- A) PÉSAME POLO FALECIMENTO DO CONCELLEIRO DESTA CORPORACIÓN DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ.
- B) PÉSAME POLO FALECIMENTO DO FUNCIONARIO DON JOSÉ RAMÓN SÁNCHEZ SUÁREZ.

ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o acto, a Alcaldesa-Presidenta, **LARA MÉNDEZ LÓPEZ** sinala: último Pleno do ano, e desgraciadamente témolo que facer coa ausencia do compañeiro do Grupo Municipal do Partido Popular, en todo caso compañeiro da Corporación, compañeiro ben querido por todos e todas, que ademais botaremos moito en falta e estará presente sempre entre nós. No momento das condolencias e da declaración institucional faremos tamén alusión ao mesmo, pero facer esa mención á ausencia do compañeiro Manolo.

Seguidamente éntrase exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes ACORDOS:

A) PARTE RESOLUTIVA

URBANISMO

1/156 ESTUDO DE DETALLE DE AGREGACIÓN DAS PARCELAS 13-14 DO QUINTEIRO 1206 (PRAZA MAIOR Nº 4 E 5) DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REFORMA INTERIOR DO RECINTO AMURALLADO DE LUGO E A SÚA ZONA DE INFLUENCIA (PEPRI). ADAPTACIÓN ÁS NORMAS TÉCNICAS DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO DE GALICIA APROBADAS POLA ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DE DATA DO 10 DE OUTUBRO DE 2019 (DOG Nº 224, DO 25 DE NOVEMBRO DE 2019): SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac730501547679147497.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-12-2021

1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, EN SUBSTITUCIÓN DO TENTENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA, do 18 de novembro de 2021, que seguidamente se transcribe:

“Examinado o expediente de referencia, tramitado polo Negociado de Planeamento e visto o informe do Servizo de Urbanismo de data do 17-11-2021, cuxa parte expositiva é do seguinte teor literal:

“Examinado o expediente de referencia, cómpre informar:

FEITOS

1º.- A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada con data do 3-06-2020, aprobou inicialmente o Estudo de Detalle de agregación das parcelas 13-14 do quintero 1206 (Praza Maior nº 4 e 5) do Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto Amurallado de Lugo e a súa zona de influencia (PEPRI), formulado pola mercantil “Ninpe 2012, S.L.”, representada por don Juan Carlos Penin Villar e redactado polo arquitecto don Gerardo García-Boente Carro. Este Estudo de Detalle foi aprobado definitivamente polo Concello Pleno na sesión celebrada con data do 30-12-2020.

2º.- O contido do devandito Estudo de Detalle non se encontraba adaptado, no momento da súas aprobacións inicial e definitiva, ás Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia, aprobadas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de data do 10 de outubro de 2019 (DOG nº 224, do 25 de novembro de 2019).

3º.- Con data do 9-03-2021, o promotor presentou neste Concello o devandito Estudo de Detalle adaptado formalmente ás mencionadas Normas Técnicas, o cal foi informado favorablemente polo Servizo Municipal de Arquitectura con data do 19-04-2021 e aprobado polo acordo plenario de data do 27-5-2021.

4º.- Remitido o mencionado Estudo de Detalle ao Servizo Municipal de Informática aos efectos da preparación da dilixencia electrónica municipal do mesmo, observouse a falla de firma dixital do redactor do proxecto. Deficiencia que pretendeu ser subsanada polo interesado coa presentación neste Concello, con data do 18-06-2021, dun novo exemplar do Estudo de Detalle, o cal foi obxecto de informe polo Xefe do Servizo Municipal de Arquitectura, con data do 1-07-2021, sinalando unha serie de deficiencias na súa adaptación ás Normas Técnicas pendentes de subsanación.

5º.- Con data do 13-09-2021 o interesado presentou neste Concello un novo exemplar do Estudo de Detalle cara a subsanación das deficiencias sinaladas polo Servizo Municipal de Arquitectura, o cal emitiu o seu informe con data do 11-11-2021 poñendo de manifesto a non subsanación total das mesmas. O interesado presentou un novo exemplar con esa mesma data que xa foi obxecto de informe favorable polo Servizo Municipal de Arquitectura con data do 16-11-21.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), no seu artigo 48 literalmente estableceu:

“Normas técnicas de planeamiento

1. *Las normas técnicas del planeamiento urbanístico tendrán por objeto unificar los criterios técnicos para la elaboración de los documentos de planeamiento urbanístico, la terminología y los conceptos urbanísticos generales, así como cualquier otra cuestión que precise aclaración u orientación técnica en materia de planeamiento urbanístico.*

2. *La aprobación de las normas técnicas corresponde a la persona titular de la consejería competente en materia de urbanismo, previa audiencia a la Federación Gallega de Municipios y Provincias”.*

O obxecto, contido, procedemento de aprobación e alcance destas normas técnicas encóntranse regulados nos artigos 88 e 89 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o regulamento da LSG.

SEGUNDO.- As Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia foron aprobadas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de data do 10 de outubro de 2019. A súa Disposición final estableceu un prazo de seis meses para a súa entrada en vigor, a contar dende a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, que tivo lugar no DOG nº 224 do 25 de novembro de 2019. En consecuencia, a devandita entrada en vigor tivo lugar con data do 25 de maio de 2020.

Pola súa banda, a súa Disposición transitoria primeira, no seu parágrafo 2, establece que *“Os plans en tramitación que non alcancen a aprobación inicial na data de entrada en vigor destas normas técnicas de planeamento deberán adaptarse a elas na súa totalidade”.* Tendo en conta que o presente Estudo de Detalle non había alcanzado a súa aprobación inicial na devandita data do 25-5-2020, encóntrase na obriga de adaptarse ás mesmas na súa integridade.”

Esta Concelleira-Delegada, propón que, polo Excmo. Concello Pleno, se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- De conformidade co informe do Servizo Municipal de Arquitectura de data do 16-11-2021 no que pon de manifesto a subsanación das deficiencias sinaladas no seu anterior informe de data do 1-07-2021, **APROBAR**, en cumprimento do establecido na Disposición transitoria primeira das Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia, aprobadas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de data do 10 de outubro de 2019 (DOG nº 224, do 25 de novembro de 2019), a adaptación ás mesmas do ESTUDIO DE DETALLE DE AGREGACIÓN DAS PARCELAS 13-14 DO QUINTEIRO 1206 (PRAZA MAIOR Nº 4 E 5) DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REFORMA INTERIOR DO RECINTO AMURALLADO DE LUGO E A SÚA ZONA DE INFLUENCIA (PEPRI), formulado pola mercantil “Ninpe 2012, S.L.”, representada por don Juan Carlos Penín Villar e redactado polo arquitecto don Gerardo García-Boente Carro, aprobado definitivamente polo acordo plenario de data do 30-12-2020.

SEGUNDO.- Proceder á publicación deste acordo no DOG, no prazo dun mes desde a súa adopción. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a referencia ao enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro deste Estudo de Detalle a disposición do público (artigo 82.2 da LSG).

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac730501547679147497.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-12-2021

TERCEIRO.- Unha vez publicado o anuncio no DOG, ao que fai referencia o anterior acordo, proceder á remisión dun exemplar deste Estudo de Detalle en soporte dixital, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Sendo esta inscrición requisito de eficacia do acordo de aprobación definitiva (artigo 88 da LSG). Posteriormente, procederase á publicación do anuncio no BOP, conforme ao establecido nos artigos 82.3 e 88.4 da LSG.

CUARTO.- Notificarlles este acordo aos interesados, indicándolles que contra el poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ao seu dereito.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE SOSTIBILIDADE URBANA E COHESIÓN TERRITORIAL, emitido na sesión celebrada o día 27 de decembro de 2021.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 21

- **Votos a favor:** 19 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 2 do Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

PRIMEIRO.- De conformidade co informe do Servizo Municipal de Arquitectura de data do 16-11-2021 no que pon de manifesto a subsanación das deficiencias sinaladas no seu anterior informe de data do 1-07-2021, **APROBAR**, en cumprimento do establecido na Disposición transitoria primeira das Normas Técnicas de Planeamento Urbanístico de Galicia, aprobadas pola Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de data do 10 de outubro de 2019 (DOG nº 224, do 25 de novembro de 2019), a adaptación ás mesmas do ESTUDO DE DETALLE DE AGREGACIÓN DAS PARCELAS 13-14 DO QUINTEIRO 1206 (PRAZA MAIOR Nº 4 E 5) DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E REFORMA INTERIOR DO RECINTO AMURALLADO DE LUGO E A SÚA ZONA DE INFLUENCIA (PEPRI), formulado pola mercantil “Ninpe 2012, S.L.”, representada por don Juan Carlos Penín Villar e

redactado polo arquitecto don Gerardo García-Boente Carro, aprobado definitivamente polo acordo plenario de data do 30-12-2020.

SEGUNDO.- Proceder á publicación deste acordo no DOG, no prazo dun mes desde a súa adopción. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a referencia ao enderezo electrónico no que figurará o contido íntegro deste Estudo de Detalle a disposición do público (artigo 82.2 da LSG).

TERCEIRO.- Unha vez publicado o anuncio no DOG, ao que fai referencia o anterior acordo, proceder á remisión dun exemplar deste Estudo de Detalle en soporte dixital, debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (CMATV) para a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia. Sendo esta inscrición requisito de eficacia do acordo de aprobación definitiva (artigo 88 da LSG). Posteriormente, procederase á publicación do anuncio no BOP, conforme ao establecido nos artigos 82.3 e 88.4 da LSG.

CUARTO.- Notificarlles este acordo aos interesados, indicándolles que contra el poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro recurso ou reclamación que estimen conveniente ao seu dereito.

PROPOSICIÓNS

Incorpórase á sesión DON ÓSCAR POY FRANCO.

2/157 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 407/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA URXIR AO GOBERNO LOCAL A PRESENTAR UN ESTUDO DE CUSTES COMPLETO DA CONVERSIÓN DA ANTIGA U.A. CS-5 EN ZONA VERDE (Exp. 2021/G004/001055).- Vista a citada proposición do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, número 407/2021 de Rexistro de Pleno, cuxa elevación ao Pleno foi ditaminada favorablemente pola Comisión Permanente Ordinaria de Sostibilidade Urbana e Cohesión Territorial do 27 de decembro de 2021, que é do seguinte teor:

“Exposición de motivos:

O 2 de marzo de 2017, a sección segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dicta a sentenza firme número 100/2017, que anula a ordenación urbanística recollida como URPI 58

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac730501547679147497.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-12-2021

(antiga U.A. CS 5) na orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia de 29 de abril de 2011, que aproba parcialmente o PXOM de Lugo, cuxa firmeza foi declarada en setembro de 2017. Con esta sentenza, xunto coas dictadas que anula a concesión da licenza para a construción nesta unidade de actuación e a que anula a autorización municipal ao Proxecto de Urbanización deste espazo, comeza a vislumbrarse a desaparición definitiva das torres do Garañón.

En outubro de 2017, o Pleno adoptou o acordo de formular un proxecto de modificación puntual do PXOM para establecer as determinacións urbanísticas deste ámbito territorial. Tamén se acordou a suspensión cautelar de licencias de parcelación e edificación neste mesmo ámbito.

En xaneiro de 2018, a sección segunda da Sala Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dicta providencia requirindo á alcaldesa do Concello de Lugo a execución da sentenza firme número 100/2017, o que motiva, sen dúbida, que en novembro de 2018, o concelleiro delegado de Desenvolvemento Sostible e Persoal naquel momento, o señor Daniel Piñeiro, presentase unha proposta ao Pleno para que a modificación puntual da unidade de actuación CS-5 a contemple como zona verde, para que non se poida edifica e se manteña o entorno natural.

Isto motivou que o Grupo Mixto ACE-EU, o Grupo Municipal Ciudadanos, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asambleas Abertas, o Grupo Municipal Lugonovo e o Grupo Municipal Popular, é dicir, todos os grupos que conformaban a oposición nese mandato, firmaron unha proposición conxunta, que saíu aprobada, para que se realizara un estudo de alternativas para a tramitación da modificación puntual desa unidade de actuación na que se tivesen como criterios prioritarios a menor incidencia económica posible para as arcas municipais; a conversión en zona verde da maior superficie posible e o menor impacto visual da edificabilidade resultante no caso de que existira a mesma.

Na Xunta de Goberno Local do 26 de decembro de 2019, xa neste mandato, co Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego como goberno municipal, declárase deserta a contratación dunha asistencia técnica para a elaboración do proxecto de modificación puntual do PXOM no ámbito do URPI-58 en execución de sentenza apróbbase a contratación dunha asistencia técnica, por ausencia de licitadores.

Esta contratación se adxudica finalmente en Xunta de Goberno Local do 4 de novembro de 2020, á empresa GAU Arquitectura e Urbanismos SLP, cun prazo de 25 meses dende a data da sinatura do contrato.

Na Xunta de Goberno Local do 16 de xuño de 2021, apróbbase a elección da alternativa na que se vai basear a redacción do proxecto de modificación puntual do

PXOM, que prevé a eliminación total do aproveitamento lucrativo previsto do PXOM (16.418 metros cadrados), incorporando esa superficie ao sistema xeral de zonas verdes.

Coa presentación do equipo de goberno do suplemento de crédito de case un millón de euros para o derrubo das torres, nese mesmo mes de xuño, desde o noso grupo municipal xa pedimos que se presentara o estudo económico no que se baseu a alternativa escollida, tal e como se contempla no acordo plenario de novembro de 2018. Para coñecer o custo económico detallado que terían as distintas alternativas para as arcas municipais.

Ata o día de hoxe, e logo de solicitar esa información en repetidas ocasións, foi imposible que o equipo de goberno a facilitase, se é que existe, amosando unha absoluta falta de transparencia cun asunto que todo parece indicar que pode supoñer unha hipoteca máis para as arcas municipais. Tendo en conta asemade que existe un acordo plenario no que se aproba que se teña en conta a incidencia menor para as arcas municipais para a toma de decisión, aprobada tamén por quen hoxe aproba estes asuntos na Xunta de Goberno Local.

Tralo exposto anteriormente, o grupo municipal de Ciudadanos Lugo considera de interese municipal que o pleno da corporación acorde:

1. Que o equipo de goberno presente ao longo do primeiro trimestre de 2022 un informe económico que contemple todos os custes asociados a conversión total en zona verde da unidade de actuación CS-5, tendo en conta o derrubo das torres, as posibles indemnizacións ao promotor, a perda total de edificabilidade nesa zona e todos os aspectos que poidan supoñer un custo para as arcas municipais, tal e como se contemplaba no acordo plenario de novembro de 2018."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 22

- **Votos a favor:** 10 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois procedemos entón ao debate da proposición; 3 minutos para o grupo proñente, para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA ALDARIZ LOUZAO:** Bos días a todos e a todos.

Pois en novembro do ano 2018, moitos dos que estamos aquí seguro que o recordamos, por parte do Goberno municipal e firmada polo concelleiro responsable naquel momento, o señor Daniel Piñeiro, presentárase unha proposta para converter o espazo onde están construídas as torres do Garañón en zona verde. Esta opción tivo como contestación unha nova moción firmada por todos os grupos da oposición naquel momento, cinco, entre os que tamén estaban, ademais de Ciudadanos, o Partido Popular e o Bloque Nacionalismo Galego, hoxe socio de Goberno, para que esa conversión saíse adiante pero tendo en conta distintas variables, entre elas o custo económico que suporía que nesta zona se perdese calquera posibilidade de edificabilidade. Todos compartimos a idoneidade da futura conversión en zona verde, pero esa decisión non pode nin debe implicar esquecer o que suporá para as arcas municipais.

Cando se aprobou o suplemento de crédito deste ano para a derruba das torres, de case un millón de euros, derruba indispensable para cumprir cunha das sentenzas, desde o noso grupo xa manifestamos que había que presentar o estudo económico que contemplara todos os custos asociados á conversión en zona verde deste espazo. Non só está a derruba, senón tamén as posibles indemnizacións ás que haxa que facer fronte, a consecuente perda de edificabilidade, os dereitos existentes pola concesión da licenza no seu momento... Esta información parécenos absolutamente necesario que estea enriba da mesa á hora de tomar calquera decisión e mais que se informe a cidadanía e, por suposto, os grupos da Corporación desta mesma.

Pedímolos en varias ocasións, preguntamos acerca da mesma en comisións, pero sempre obtivemos a mesma resposta: ningunha. Sorpréndenos máis, se cabe, que os concelleiros do Bloque Nacionalista Galego non lles exixiran esta información antes de votar a favor tanto para o suplemento como para o inicio da modificación puntual do PXOM para levar a cabo este cambio, porque agora tiñan a oportunidade de facer cumprir un acordo plenario tanto seu como do resto dos grupos. Pero parece que os seus votos só serven para repartirse o 40% do orzamento e non para provocar accións necesarias e medidas necesarias que por enriba vostedes tamén pediron.

De aí que hoxe presentemos esta proposta para que no primeiro trimestre do vindeiro ano, porque nos tememos que a día de hoxe aínda non exista ese estudo de custos, o fagan público. A cidadanía lucense ten dereito a coñecer canto vai supoñer ás arcas municipais que o Garañón desapareza da nosa paisaxe. Sabemos que non se pode falar de cifras exactas, pero queremos pensar que o Goberno traballa cunha estimación, que pode variar sobre todo no que compete ás indemnizacións. Pero eses datos teñen e deben ser públicos. O que queremos

desde o noso grupo é que se tomen as mellores decisións tendo en conta toda a información, non só o que pode acarrear mellores réditos electorais ou menoscabar opinión sobre determinados responsables políticos. Xa ninguén dubida de que o Garañón pode converterse nunha hipoteca importante para este Concello, pero, esteamos ou non errados, temos dereito a coñecer canto pode implicar no futuro económico desta Administración.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois por parte do Goberno ten a palabra a concelleira de Urbanismo, a señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Bos días a todos e a todas.

A súa proposición, señora Louzao, pretende que no primeiro trimestre deste ano presente o Goberno un informe económico que contemple todos os custos da conversión en zona verde da unidade da actuación CS5, tendo en conta segundo a súa proposición a derruba das torres, as posibles indemnizacións ao promotor e a perda total de edificabilidade nesa zona. Voulle contestar a cada unha delas.

Respecto da primeira, a derruba das torres, como vostede xa sabe, está presupostada a estimación desa derruba en base aos informes dos técnicos municipais tal e como xa foi exposto no suplemento de crédito levado ao Pleno no mes de xuño deste ano e por importe de preto dun millón de euros. Como se lle explicou no seu momento, a demolición pode realizarse por diferentes métodos: manual, mecánica, combinada, e incluso unha voadora controlada. Polo tanto, o dato que se dá é aproximado, pode variar moito segundo o tipo de demolición que se realice no tocante á súa metodoloxía.

Respecto da segunda, as posibles indemnizacións ao promotor. Só teño que dicirlle que, como ben vostede sabe, hai un proceso xudicial aberto nestes momentos, polo tanto está “*sub júdice*”, se ben xa lle poño en coñecemento que estimamos, este Goberno estima e así consta no proceso, que non hai lugar a indemnización de ningún tipo. En todo caso, como lle dixen, está “*sub júdice*”, haberá que esperar ao seu momento.

E, respecto da terceira das variables da que vostede fala, a perda total de edificabilidade nesa zona, é dicir convertelo en zona verde total. Como acaba de expoñer, en novembro do ano 2020 foi adxudicado o contrato de asistencia técnica para levar a cabo a modificación puntual do PXOM; o contrato asinouose o 7 de novembro. Como xa lle expliquei noutras ocasións, en comisión concretamente de sostibilidade, no mes de novembro, o prazo máximo de execución é de 25 meses desde a data de sinatura do contrato, polo tanto ata xaneiro do 2023. A primeira destas fases era precisamente o estudo das alternativas, conforme os criterios sinalados no Acordo plenario do 2018 que vostede acaba de expoñer. Presentadas as alternativas, a Xunta de Goberno escolleu ao alternativa 0, é dicir, zona verde total. Notificóuselle inmediatamente ao equipo redactor, o cal continúa a día de hoxe cos traballos para acadar esa modificación puntual do PXOM. O custo de toda esta operación será o que determine o estudo económico financeiro deste proxecto de modificación puntual. En todo caso, este instrumento urbanístico, como vostede

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac730501547679147497.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-12-2021

ben sabe, ten que ir a Pleno; nese momento terá vostede coñecemento dese estudo económico financeiro que se elabora por ese estudo técnico que se está facendo. Recórdolle tamén que na Comisión Informativa do mes de novembro a invitei a solicitar tamén unha reunión cos técnicos competentes para ter información puntual; cónstame que a solicitou e foi atendida. Unha cousa é que vostede non entenda e outra cousa que non queira entender, pero explicacións déronselle todas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Muchas gracias, alcaldesa.

Podríamos comenar este debate preguntando por qué el PSOE dio una licencia ilegal en su momento para las cuestas del parque. Podríamos hacer un relatorio de fechas y de ilegalidades en la tramitación del Garañón, pero no solo tardaríamos tres minutos, sino que tardaríamos varios días en analizar con detalle tal sarta de casualidades sospechosas, operaciones inmobiliarias llamativas, o incluso adquisiciones de pisos a saldo en zonas que les puedo decir por experiencia propia que no los regalan, por lo menos al precio que salía publicado en los medios de comunicación. Yo cada mes además puedo dar fe de ello.

Podríamos preguntar incluso a Lara Méndez por qué después de tres sentencias lleva desde el 2017 negándose a cumplir las mismas, a dar cumplimiento a las mismas. Ya sabemos qué nos dirá: que ha hecho todo lo posible, que, bueno, ha hecho todo lo que estaba en su mano, pero que los técnicos, que por una cosa por otra fue pasando, que ha venido un mapache y se ha llevado el expediente; bueno, esto los fans de *Friends* lo entenderán lo entenderán, pero..., esta es la realidad de la alcaldesa, excusas, excusas, pero sigue allí. La conclusión es clara: Lara Méndez no quiere tirar el legado de su padrino político, de su mentor, el señor Besteiro; no está dispuesta a eliminar e monte Rushmore socialista de las cuestas del parque, no quiere cargarse el mausoleo erigido por el líder *in pectore* del socialismo gallego. No tengo ningún temor a equivocarme si digo que este mandato terminará también igual que el pasado, sin que el monte Rushmore de Besteiro salga de las cuestas del parque.

Esperemos que no se le dé por tener otras ocurrencias, como tiene la señora Méndez, y erija un monumento también en su honor, en su propio honor en las cuestas del parque, pagado, eso sí, con fondos europeos del DUSI, como todas esas ocurrencias con las que dilapida el dinero público de todos los lucenses: charcas con calentadores, carriles para bicis imaginarias; en definitiva, pasarelas inútiles.

Pero, si hablamos de ocurrencias, esta es muy buena también: un día nuestra regidora se levanta y dijo que iba a eliminar toda la edificabilidad y hacer una zona verde en el Garañón, y todos pensamos: “perfecto, una buena idea, ¿cuánto cuesta?” Y este es el problema, la respuesta es: “no lo sé, a mí no me importa, solo me importa el título y la foto”, esto es lo que dice Lara Méndez, o lo que parece que da a entender Lara Méndez. Nuestra lideresa, más de un año después de esta promesa vacía y estéril, sigue considerando una vulgaridad sin importancia

preocuparse por los millones de euros que nos va a costar a todos los lucenses esta modificación urbanística.

Así que resumamos: el partido de Lara Méndez, el PSOE de Lugo con la ayuda del BNG, dio una licencia ilegal a un promotor; este promotor nos reclama 29 millones de euros de indemnización por esa licencia ilegal; y, cuando todavía no sabemos cuánto nos va a costar la herencia envenenada del PSOE, la alcaldesa de nuevo se condena a una nueva indemnización millonaria al mismo promotor. Esta es la realidad. Y lo más gracioso es que no tenemos ni un solo informe técnico de cuánto nos va a costar esta improvisación y esta nueva ocurrencia de Lara Méndez.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos entón a segunda quenda, un minuto e medio para o grupo propoñente, para a señora Louzao.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Mire, señora Alvarellos, é verdade que nos deron a explicación, que fomos á reunión e nos deron as explicacións, pero o que non me dixeron era se existía ese estudo económico e se mo podían dar, que era a finalidade da reunión. Eu non quero que me dea máis explicacións do Garañón, xa coñezo a historia do Garañón, quero que nos faciliten o estudo económico do que vai supoñer que se derruben as torres do Garañón e que esta zona se converta en zona verde.

Vostede acaba de dicir que a derruba das torres xa está estipulada no suplemento de crédito, o custo aproximado. Acaba de dicir que estima o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, hoxe é un bigoberno, que non hai que pagar, que non haberá pagar indemnizacións a un promotor, e que a modificación do PXOM, como se vai levar a Pleno, levará xa o estudo económico. Perfecto. Pois agora o que quero é que poñan todo iso sobre un papeliño, que o firme a señora alcaldesa e que o fagan público. Tanto os grupos de oposición e todos os lucenses, para que todos os lucenses vexan que o Goberno, que o bigoberno municipal de Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego contempla que non nos custará nin un só euro aos lucenses a indemnización do Garañón. Que pasa?, que, como saben perfectamente que seguramente non sexa así, non se queren mollar, pero fágano e fágano público, e mañá xa ten un titular na prensa que poña que o bigoberno municipal cre que non haberá que pagar nin un só euro pola indemnización do Garañón. Fágano, que problema hai? Eu estoulles dicindo que, se non o saben xusto, que o estimen, pero póñano nun papel, cal é o problema disto? Realmente cren vostedes que non nos vai custar nada? Que problema hai entón de poñer esa realidade sobre un papel e que Lara Méndez e o vicecalde Rubén Arroxos firmen ese papel? Estamos esperando, con toda a tranquilidade do mundo, se hai o estudo económico, mire que fácil é.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas, quenda agora para a concelleira de Urbanismo, a portavoz do Goberno, señora Alvarellos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Grazas, señora alcaldesa.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac730501547679147497.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-12-2021

Segue sorprendéndome moitísimo, señora Louzao, de verdade que me segue sorprendendo: un papel no que firme que non... Estamos falando das tres variables que vostede pon na súa proposta, expliqueille evidentemente con claridade cada unha delas, o que non sei é o que vostede votaría a favor do que custara iso, non sei se lle vale cun millón, con dous, con tres, é que non o sei. Bueno, iso saberao vostede e terao que votar no pleno correspondente. E sorpréndeme moito, sobre todo que me diga que non lle foron dadas as explicacións oportunas; déronselle todas, esta é a terceira vez que lle explico que o resumo e o documento técnico de modificación puntual do PXOM farase en base ao estudo económico. O estudo económico financeiro farase nese momento para converter en zona verde toda esa zona; nese momento poderemos presentar ese estudo económico que vostede solicita, pero non agora que está en estudo. Creo que lle fixen bastante explicación, o que pasa é que vostede non quere entender, é a terceira vez, vai á comisión. Tivo unha reunión co coordinador de Urbanismo, que lle deu todas as explicacións e así me consta, o que pasa é que, claro, vostede quere unha resposta, a que vostede quere, a que vostede quere. Dígame vostede cal é a resposta que quere para levala ao periódico. Entón, xa saberemos todos o que quere a señora Louzao.

En todo caso, señor Ameijide, tamén quero dicirle que este non é o Pleno do estado da cidade, nin o Pleno da historia. Polo tanto, ese foi o día 23 de decembro e polo tanto eu vou centrarme...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Partido Popular, o señor Ameijide.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señora Alvarellos, por supuesto que es el Pleno de la historia, es el Pleno de la historia de la herencia envenenada del PSOE, del urbanismo a la carta y de las corrupciones e ilegalidades en las licencias urbanísticas de su partido. Yo entiendo que usted esté hoy nerviosa, como acaba de demostrar, defendiendo esta sarta de irregularidades y de ilegalidades en una licencia, que no lo digo yo, que lo dice un juez.

Mire, le reto a que, si está tan segura de que no va a haber que pagar ninguna indemnización, salga ahora mismo públicamente diciendo que los lucenses no vamos a tener que pagar ni un solo euro de indemnización al promotor por la licencia ilegal que dio su partido y que, de haber indemnizaciones, las asumirán íntegramente todos los cargos socialistas que están metidos en este lío. Le reto, acepte el reto; si tan segura está de que nos va a salir gratis sus tropelías a todos los lucenses, acéptelo. Porque yo lo que sé es que sí que estuve hablando con el interventor municipal, porque la alcaldesa se negó a reunirse con nosotros para explicar esta situación, y nos dijo que todavía no había ni un solo avance en esta materia y que estábamos en la fase 0 de las siete fases para la demolición del Garañón.

Estoy escuchando ya a la alcaldesa ahora en su soliloquio dentro de un momento, cuando empiece a corregir su intervención, señora Alvarellos, que dirá que este es un problema que heredó, que no tiene nada que ver con ella, pero no nos va a decir que la licencia la dio legalmente el Partido Socialista. Dirá que había un plan

general del año noventa, pero no nos va a decir que la ordenación del territorio la aprobó el Partido Socialista mientras desde el Partido Popular le decíamos que tenía que estar en República Argentina la edificabilidad y el Partido Socialista la colocó en la parte de arriba del parque donde más impacto visual tenía. Tampoco nos va a decir que firmaron un convenio a oscuras con el promotor, ni nos dirá que convocaron la Junta de Gobierno el 31 de diciembre para dar edificabilidad a ese terreno porque el 1 de enero entraba en vigor una disposición que le restaba edificabilidad. Ni nos dirá que...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Última quenda para o grupo propoñente, señora Louzao, 30 segundos.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Pois xa queda claro que o Goberno municipal non ten nin quere facilitar ese estudo económico, que nos parece indispensable. Isto non é o que queira Olga Louzao, o que quere Olga Louzao é que os lucenses teñan que pagar o menos posible pola inoperancia e polo despropósito do Partido Socialista no Goberno co tema do Garañón. Polo tanto, sería necesario que hoxe, señora Alvarellos, saíse este Goberno municipal anunciando, tanto como lles gusta, xa teñen un titular para mañá, que afirman que non haberá que pagar ningunha indemnización polo Garañón.

De verdade, estou esperando e oxalá sexa así, por que será ben para todos os lucenses. Pero fágao, fágano público. Porque esa xa é unha das variables que hoxe pediamos que se fixera nese estudo económico. Se é cero, pois mire, cero.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Mire, señor A. Ameijide, que nos fale vostede de corrupción, o seu partido de corrupción, bueno, vamos deixar o tema aí que non é o que procede.

Pero si que lle digo que dende o Partido Socialista estamos plantexándonos o feito de introducir nos nosos estatutos dar licenzas, pero de momento é unha cousa que esta a debate e non creo que chegue a término, xa lle avanzo. Os partidos non estamos para dar licenzas. Quen dan licenzas son os concellos, neste caso foi o Concello de Lugo quen deu a licenza en base, coma sempre, a informes técnicos. Pero, bueno, tamén é lóxico que equivoque términos porque incluso cando tivo vostede unha reunión na que se lle explicou esas cinco fases, non sete, como acaba de dicir, que ademais esas cinco fases son para modificar o Plan xeral de ordenación municipal, pois evidentemente hai confusións conceptuais que o invito a revisar a documentación para que vostede o teña claro e afiance conceptos. Por se non está claro, é dicir, este ano tirase o Garañón, para iso se xerou o crédito, para poder facer e asumir o custo da derruba do Garañón, este ano que vai empezar, 2022, estamos a piques de finalizar o 21 e polo tanto o ano 22 verán como isto se fai realidade. Para iso xeramos crédito.

Que non procede indemnización non o din nin a señora Alvarellos nin eu, senón que o di o asesor xurídico; non sei se coñece ou sabe quen é o asesor xurídico deste Concello, señora Louzao, pero é o que di no seu informe que non procede indemnización. Polo tanto, nós, que temos moita confianza, plena confianza nos

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac730501547679147497.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 30-12-2021

nosos técnicos e nos nosos servizos, pois é o que dicimos evidentemente. Dámoslles voz e facemos de altavoz deses informes técnicos. En todo caso, tamén o invito a que lle consulte calquera dúbida que poida ter ao respecto porque seguro que llo aclarará gustosamente.

Procedemos entón á votación desta proposta.

3/158 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 408/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DA MOBILIDADE E O ESTACIONAMENTO NO BARRIO DE FONTIÑAS (Exp. 2021/G004/001060).- Vista a referida proposición, cuxa elevación ao Pleno foi ditaminada favorablemente pola Comisión Permanente Ordinaria de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas do 23 de decembro de 2021, e cuxo teor literal e o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Á vista do que coñecemos polos medios de comunicación, o proxecto de mobilidade sustentable que contempla o equipo de goberno, traza un itinerario que recolle un carril bici na Ronda das Fontiñas. Unha zona na que hoxe en día hai unha enorme deficiencia de prazas de aparcamento, máxime tendo en conta que se trata dunha das zonas da cidade con maior densidade de poboación así como de comercio e hostalería.

Nestes intres, nos que se están a desenvolver proxectos que poden ser financiados con fondos europeos, procede ter amplitude de miras e a ambición precisa para levar a cabo obras de envergadura que realmente melloren a calidade de vida dos veciños e veciñas da nosa cidade e que senten as bases do proxecto de cidade que buscamos. A proposta deste grupo municipal é simplemente facer as cousas con xeito e co orde preciso para que non sigamos sen rumbo, facendo obras sen un obxectivo claro.

Se a proposta do equipo de goberno para facer este carril bici na cidade é potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte será preciso facer un estudo previo que determine as necesidades das diferentes zonas da cidade. Concretamente na zona de Fontiñas, non se pode plantexar un carril bici sen dar unha solución previa aos aparcamentos desta vía, xa moi escasos a día de hoxe. Por iso o Grupo Municipal do Partido Popular trae a pleno unha proposta para o redeseño esta rúa, que conta cunha gran densidade de tráfico, levando a cabo a planificación precisa e dando alternativas de aparcamento, máxime tendo en conta que se trata dunha zona que xa conta cun déficit de prazas e que a obra a realizar aínda suprime parte das existentes, incrementando este problema.

Propoñemos que se estude a posibilidade de construír un gran aparcamento

en Fontiñas, que dote ao barrio de, alomenos, 500 prazas de estacionamento.

Para elo poderíanse valorar opcións como a que figura no plan de mobilidade ou a construción dun aparcamento a media ladeira en dúas posibles localizacións, ben no Carril de San Eufrasio (entre os número 99 e 105 de Fontiñas) ou a continuación do número 129.

